



Ilona Timchenko

MESTRA DE PIANO

Historial Académico

Nacida en Crimea. Empeza a súa formación musical a unha idade temperá unha pequena localidade de Crimea con A. Goliak.

Moi pronto se trasladou a Moscú, onde continuou os seus estudos de piano con Vladimir Bunin, Víctor Bunin, María Polivanova e Elena Richter, e os compositores Albert Leman e Román Ledeniov. Posteriormente perfeccionou a súa formación en Holanda cos mestres Alexander Gold e Rian de Waal, en Italia co mestre Lazar Berman e en Francia co mestre Michel Beroff.

Experiencia

Ilona Timchenko gana o primeiro premio no terceiro certame de Abstract Securitirs Landor Competition celebrado no Cadogan Hall en Londres, conseguindo un contrato de gravación con Landor Records. O seu primeiro CD con selo discográfico sale á luz en Decembro do 2009 e foi galardonada coa titulación Extraordinaria en International Records Review en Xaneiro de 2010.

Agraciada cunha técnica fenomenal e potentes habilidades musicais e expresivas, Ilona cautivou por completo ao público en *Buxton Festival* en Inglaterra durante o seu debut. En Abril de 2010 debutou en *Unione Musicale*, un dos máis prestixiosos festivais de Europa. Actualmente está en pleno apoxeo da súa carreira profesional internacional. Visita salas de concertos de prestixio como a *Wigmore Hall*, *Phillips Hall*, *Musikverein*, *Concertgebouw*, *Gran Sala do Conservatorio de Moscú* e o *Teatro Monumental* en Madrid.

Como compositora iniciouse no Festival de Música Moderna de Aviñón (Francia), onde estreou *Dedicatoria a Aviñón*. Como pianista desenvolveu a súa actividade concertística actuando con diferentes orquestras como: Orquestra da Capela Académica de San Petesburgo, Orquestra Filarmónica da Radio de Holanda, Orquestra do Norte de Holanda, Real Filharmonía de Flander, Orquestra Sinfónica de Granada, Real Filharmonía de Galicia e Orquestra da Radio de Rumanía. Formou parte tamén de conxuntos de cámara como A Orquestra de Cámara Nova Música, un dúo con Mark Lobotsky, Rivka Golani, Philippe Graffin, etc.

Estreou moitas obras de compositores contemporáneos, algunhas estaban dedicadas á propia Timchenko. As gravacións de moitas destas obras almacénanse nos arquivos do Conservatorio Estatal de Moscú.

Convertiuse na primeira en realizar unha presentación pública dos 24 preludios e fugas de Shostakovich en Italia.

O seu CD con obras de R.Shumann e J.Brahms lanzado polo selo Landor Records foi seleccionado para un dos galardóns inaugurais 'sobresañtes' na revista *International Record Review* e recibiu excelentes críticas na revista *Gramophone*. En 2010, Ilona gravou un dobre CD con música de piano de A. García Abril; Esta gravación foi clasificada como "excelente" na revista *Ritmo* en España. Desde 2016, Ilona é membro do trío *Metamorfosis*, o CD lanzado con este conxunto en 2018 foi moi eloxiado pola crítica de todo o mundo.

Gañadora de numerosos concursos internacionais de piano, galardonada con varios premios do público e da crítica musical, como *Beethoven Competition* en Viena, *Liszt Competition* en Utrecht, *Enescu Competition* en Bucarest, *María Callas Grand Prix* en Atenas. En total gañou máis de 30 premios internacionais.

Compaxina a súa vida como compositora, creadora, docente e intérprete. Colabora coa Academia de Verán anual nos Países Baixos - Peter de Grote Festival; Escola Superior de Altos Estudios Musicais; confundadora e directora artística do Festival Internacional "Peregrinos Musicales" e participa coa Fundación Vladimir Spivakov Caridad Internacional, Festival "Moscú se encuentra con amigos", Real Filharmónica de Galicia, The Mstislav Rostropovich Internacional Fundación de Caridad, entre outras cosas.

Ilona Timchenko

Empeza a súa formación musical a unha idade moi temperá nunha pequena localidade de Crimea con A. Goliak.

Continúa sa súa formación musical en Moscú, Holanda e Italia con diferentes aclamados profesores de piano, música de cámara e composición.

Actualmente forma parte de diferentes agrupacións, ademais de continuar so seu camiño como pianista solista, docente e compositora.